

GALIZA MATER, RAÍZ ANTERGA. MANUEL RODRIGUES LAPA NA LINGUA E NA CULTURA GALEGAS



MONTEAGUDO, HENRIQUE

SINOPSIS

"Á Galiza de sempre, raíz anterga da nosa cultura, adico afervoadamente iste libro". Velaí a dedicatoria que Manuel Rodríguez Lapa antepuxo á súa monumental edición das Cantigas d'escarnho e maldizer dos cancioneiros trovadorescos galego-portugueses (1965), un fito sobranceiro tanto da filoloxía galego-portuguesa canto da traxectoria de Editorial Galaxia.

Henrique Monteagudo atopa nesa dedicatoria a chave do ollar que Lapa deitou sobre Galicia e o seu idioma, e que desembocaría na súa proposta reintegracionista. Ao longo da súa brillante traxectoria, desde os seus primeiros estudos filolóxicos sobre a lírica medieval, e especialmente despois da súa primeira visita a Galicia (1932), cando contactou co movemento galeguista, o filólogo portugués demostrou unha fonda paixón pola nosa lingua. Neste libro, botando man da súa correspondencia con Del Riego e Ramón Piñeiro, e mais dos fondos que o autor legou á Fundación Penzol, desenvólvese unha análise das súas ideas sobre o galego e percórrese a súa colaboración coa resistencia galeguista nucleada arredor de Editorial Galaxia, especialmente entre 1950 e 1971, unha estreita relación en que Francisco Fernández del Riego xogou un papel chave, e da que a edición das Cantigas é testemuño perenne...



Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Materia	ENSAIOS LITERARIOS
Colección	ENSAIO
EAN	9788411762021
Estado	Dispoñible
Encuadernación	Tapa blanda
Páginas	158
Tamaño	230x150x0 mm.
Peso	1
Precio (Imp. inc.)	17,80€
Fecha de lanzamento	08/04/2024


Títulos relacionados




LITERATURA
INSOLITA
REQUEIXO,
ARMANDO



GROMOS DO
PENSAMENTO, OS
GARCIA-SABELL,
DOMINGO



ROSA SEN
PORQUE, A
BAAMONDE, ANTON



TEMPO DE LECER
GARCIA-SABELL,
DOMINGO